

# Galicia. A nosa vida en Dixital

A Sociedade da Información nos fogares galegos

SI

Resumo Executivo  
Edición 2024



AXENCIA PARA A  
MODERNIZACIÓN  
TECNOLÓXICA DE GALICIA

# Contidos

---



**Introdución**



**Situación Actual e Evolución dos Indicadores**



**Resultados Principais**

**Factores inflúen no uso das TIC**



**Crecemento Dixital Anual**



**Análise DAFO**

# Introdución

## OBXECTIVOS



- Analizar o equipamento e uso das TIC nos fogares galegos
- Actualizar o Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia, incluído Plan Galego de Estatística 2022-2026

## MARCO



- **Metodoloxía e recollida de datos:**
  - IGE, a través da inclusión de indicadores sobre as TIC na “Enquisa estrutural a fogares. Ano 2024” (ECV –IGE)
- **7.829 entrevistas en fogares e 15.721 enquisas a persoas** de 16 a 74 anos de idade.
- **Procesamento estatístico e análise:** Amtega–OSIMGA

## FONTES DE INFORMACIÓN



- **Evolución Anos 2021 - 2022 - 2023 - 2024:**
  - Con carácter xeral, comparativas cos datos dispoñibles nas edicións previas realizadas polo IGE para harmonizar datos evolutivos, empregando nestas catro edicións a mesma metodoloxía
- **Comparativa co contorno:**
  - Indicadores estatais: INE
  - Indicadores europeos: Eurostat

# Situación Actual e Evolución dos Indicadores



## INTERNET

O 95,5% dos fogares dispón de conexión a Internet, un incremento do 1,3% respecto ao ano anterior.

Entre 2021 e 2024, a porcentaxe de fogares galegos con acceso á rede aumentou un 3,6%, superando así o crecemento medio europeo, do 2,4%.

Este avance é especialmente destacable nos municipios con menos de 5.000 habitantes, onde se rexistrou un incremento do 11,6% no mesmo período.

A a proporción de persoas que usaron Internet nos últimos tres meses medrou un 2,6% respecto ao ano anterior, acadando o 93,9%.

## FOGARES MÁIS DIXITAIS

En 2024 continúa o avance na dixitalización dos fogares galegos, cunha ampla presenza de ordenadores no 80,7% dos casos. As Smart TV experimentan un notable crecemento (+6,7%), impulsando a adopción de dispositivos conectados. Tamén destaca o aumento dos altosfalantes intelixentes con asistente dixital, cun incremento do 6,5% nun ano.

Este crecemento reflicte a consolidación do fogar dixital, que está a gañar terreo fronte ás tecnoloxías máis tradicionais.



## DIXITALIZACIÓN DA CIDADANÍA GALEGA

O 95,7% da poboación galega emprega un smartphone, que ten un uso universal nas persoas de 16 a 44 anos mentres que, entre as persoas maiores de 65 anos, o uso sitúase no 83,4% (+18,6% respecto ao ano anterior).

A dixitalización da poboación galega segue a medrar, impulsada polo uso habitual de servizos como a mensaxería instantánea, a banca en liña ou o lecer dixital. Este progreso é especialmente significativo entre colectivos tradicionalmente menos dixitalizados, destacando o crecemento sostido da integración dixital entre a poboación maior de 65 anos.

## EMPODERAMENTO DIXITAL DA SOCIEDADE GALEGA

A fenda dixital segundo a idade redúcese ano a ano, cun incremento no nivel de dixitalización no tramo de idade de 65 a 74 anos: o 74,8% xa son usuarios de Internet (+13,5% respecto ao ano anterior e + 32% respecto ao 2021).






# Principais Resultados



# Dixitalización dos Fogares

## Dispositivos electrónicos intelixentes nos fogares galegos

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



O fogar intelixente é xa una realidade en Galicia.


No 2024, un 21,5% dos fogares galegos dispoñen dalgún dispositivo electrónico intelixente, mantendo a tendencia observada no ano anterior.

Un 16,5% dos fogares galegos dispón dun altofalante intelixente con asistente dixital conectado a Internet no ano 2024, un 6,5% máis que no ano anterior.

## Equipamento Tecnolóxico Intelixente dos fogares Evolución 2021-2024



### Altofalante intelixente con asistente dixital

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



### Outros dispositivos domésticos conectados a internet


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



# Dixitalización dos Fogares


## Fogares con Ordenador

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Case 781 mil de vivendas en Galicia dispoñen de ordenador fixo ou portátil, o que equivale ao 80,7% dos fogares con polo menos un membro de entre 16 e 74 anos. A presenza dos ordenadores nos fogares galegos incrementouse nun 2,5% dende o ano 2021, mentres que, a nivel estatal baixou o 0,8%.

A tecnoloxía continúa gañando terreo nos fogares galegos. Un exemplo destacado é a expansión dos televisores intelixentes, presentes xa en máis do 55% das vivendas. A implantación deste tipo de aparellos medrou un 6,7% con respecto a 2023 e un notable 35,2% desde o ano 2021.



## Equipamento Tecnolóxico dos fogares Evolución 2021-2024


### Ordenadores

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




### SmartTV

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



### Consola de xogos con capacidade de acceso a internet

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




# Internet

A evolución de fogares con Internet contratado en Galicia presenta un ascenso superior ao europeo. Un incremento galego do 3,6% no período 2021-2024 fronte ao 2,4% de aumento da media europea.

## Fogares con Internet contratado

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




O **95,5%** dos fogares galegos contan con Internet contratado.



Incremento no período 2021-2024  
Galicia: 3,6% España: 0,9% UE: 2,4%

## Velocidade de conexión superior aos 30 Mbps no fogar

(% sobre o total de fogares con conexión a Internet)



O **86,3%** dos fogares galegos con Internet dispoñen cunha velocidade superior aos 30 Mbps, un incremento do 23,8% dende ano 2021.




# Uso das TIC

O 93,9% dos galegos /as utilizaron internet nos últimos tres meses en Galicia no 2024, con valores e evolución similares ás tendencias observadas no conxunto de España e da Unión Europea.

A evolución en Galicia de persoas con uso de Internet nos tres últimos meses é superior ao crecemento estatal e europeo no período 2021-2024.

## Persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



**Incremento no período 2021-2024**

**Galicia: 5%. España: 2%. UE: 4,3%**



# Uso das TIC

O 67,4% dos galegos/as de 16 a 74 anos realizaron compras na Rede no último ano, cun crecemento do 9,2% dende o 2021.

As compras on line no marco da Unión Europea creceron o 7,1% no mesmo período.


Os mozos/as con idades comprendidas entre os 25 a 34 anos son os que máis compran a través de Internet (92,1%).

Destaca o crecemento de compradores entre as persoas de 65 a 74 anos (+30,3%) pasando do 19,8% no 2023 ao 25,8% no 2024.



**Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo grupos de idade**

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



# Uso das TIC

## Servizos/Actividades de Internet utilizados polos internautas

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



Buscar información sobre bens o servizos e telefonar por Internet/videoconferencias (92,9%) son os servizos/actividades máis utilizados entre os galegos e galegas que utilizaron a rede nos últimos tres meses (93,9%).


Outros usos destacados son recibir ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña (85,5%) ou utilizar a banca electrónica (81,6%).



# Ciberseguridade

Persoas que sufriron algún incidente de ciberseguridade nos dispositivos de uso particular nos últimos 12 meses

(% sobre as persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet nos últimos doce meses)




Un 17% dos internautas galegos/as sufriron incidentes relacionados coa ciberseguridade no último ano. Estes incidentes inclúen roubo de datos, intentos de acceso non autorizado ás súas contas, suplantación de identidade, acoso ou a recepción de correos electrónicos maliciosos, entre outros.



# eAdministración

Persoas que empregan internet nas súas xestións coas administracións ou organismos públicos por motivos persoais nos últimos 12 meses


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



No ano 2024, a porcentaxe de internautas galegos que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses foi do 86,6% o que supón un incremento do 1,5% respecto ao ano anterior.

Evolución da Interacción coas AAPP  
2021-2024

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 12 meses)





# Factores que inflúen no uso das TIC




# Factores que inflúen no uso das TIC:

## IDADE

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo idade. Comparación Galicia/España

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




A dixitalización da sociedade galega: ata os 44 anos converxe coa media estatal. Entre os mozos/as galegos/as, onde o 99,7% conectouse a Internet nos últimos tres meses.

No 2024, destaca a mellora no nivel de dixitalización no tramo de idade de 65 a 74 anos: o 74,8% xa son usuarios de Internet, un incremento do 13,5% no último ano.



# Factores que inflúen no uso das TIC: **FORMACIÓN**

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a súa formación



O nivel formativo dos/as galegos/as é determinante en todos o indicadores TIC pero, relaciónase particularmente coas compras a través de Internet: máis do 88% dos galegos/as con educación superior compran a través da Rede.




# Factores que inflúen no uso das TIC:

## INGRESOS MENSUAIS

Fogares con ordenadores segundo volume de ingresos do fogar

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



A presenza de ordenadores no fogar (portátil, sobremesa, tablet,...) crece de modo paralelo aos ingresos: o 93,7% dos fogares con ingresos mensuais superiores aos 3.500 euros mensuais, dispoñen deste equipamento.




# Factores que inflúen no uso das TIC:

## CONVIVENCIA CON NENOS


Fogares con ordenadores segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fogares con Internet contratado segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)





Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 )




A presenza de menores en idade escolar repercute de xeito positivo na dixitalización do fogar

# Factores que inflúen no uso das TIC: HÁBITAT


Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o tipo de hábitat


Menos de 5.000 habitantes  
(% o total de persoas de 16 a 74 anos)



Entre 5.000 e 10.000 habitantes  
(% o total de persoas de 16 a 74 anos)




Entre 10.000 e 20.000 habitantes  
(% o total de persoas de 16 a 74 anos)




Entre 20.000 e 50.000 habitantes  
(% o total de persoas de 16 a 74 anos)



Máis de 50.000 habitantes  
(% o total de persoas de 16 a 74 anos)



O uso de Internet segundo os tipos de hábitat mantense en valores superiores ao 88%. Nos concellos de 10.000 a 20.000 habitantes e nos de máis de 50.000 habitantes, supérase amplamente a media galega (93,9%) Os incrementos máis notorios dende o 2021 prodúcense nos concellos que teñen menos de 5.000 habitantes e os de 10.000 e 20.000 habitantes, cun crecemento de internautas do 8,1% e 7,2% respectivamente nos últimos catro anos



- Menos de 85,1%
- Do 85,1% ao 90%
- 90,1% - 95%
- Máis do 95%

# Crecemento Dixital

FOGARES CON  
ORDENADOR




**+ 2,5%**

2021-2024  
**+ 39.231**

**780.247**  
fogares

FOGARES CON  
INTERNET




**+ 3,6%**

2021-2024  
**+ 55.208**

**924.162**  
fogares

INTERNAUTAS  
16-74 ANOS




**+ 5,0%**

2021-2024  
**+ 113.114**

Internautas  
2024  
**±1.8 MM**

INTERNAUTAS  
65-74 ANOS




**+ 32,0%**

2021-2024  
**+ 60.254**

Internautas  
65-74 anos  
2024  
**248.425**

COMPRAS  
ON LINE



**+ 9,2%**

2021-2024  
**+ 128.186**

Compradores  
2024  
**±1.3 MM**

# Análise DAFO



## FORTALEZAS

Evolución positiva dos principais indicadores TICs e a converxencia coa media estatal e europea.

Impulso dos indicadores de dixitalización entre os colectivos que, tradicionalmente, presentaban unha menor inclusión dixital (persoas maiores ou residentes no rural).

Maior diversidade de aparellos e de usos da rede.

Mellora na velocidade e calidade de conexión.



## DEBILIDADES

Aínda que os maiores se conecten, o seu uso de Internet é menos diversificado.

A ciberseguridade é un tema cada vez máis importante, dado o uso de recursos na rede máis alá do ocio: banca electrónica, compras, eAdministración, educación...




## OPORTUNIDADES

Estratexia Dixital Galicia 2030: actuacións para configurar un futuro dixital para tod@s

Desenvolvemento dun marco de competencias dixitais para a cidadanía

Despregamento das redes 5G

Desenvolvemento dunha Administración Intelixente, con servizos proactivos, inclusiva e personalizada para a cidadanía, accesible 24 horas dende calquera dispositivo en mobilidade.



## AMEAZAS

A xente maior aumentou moito o seu uso de servizos sensíbles como a Banca Electrónica e a Sanidade polo que debe mellorarse o seu coñecemento e preparación ante as ameazas á ciberseguridade.

A baixa incorporación da xente maior ás compras por Internet limita o seu acceso aos bens e servizos, cada vez máis dixitais.



AXENCIA PARA A  
MODERNIZACIÓN  
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO  
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN  
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA